

O Bosque dos Tronos

Carmen Bermúdez García

Nun lugar remoto, preto do río Miño, vive unha pequena rapariga chamada Rodhopis. Ela ten o cabelo loiro e os ollos azulados e é moi guapa, pero sobre todo ten un bo corazón. Un día ía paseando polo río Miño, que estaba moi lonxe da súa casa, e comezou a chover. Ela deu a volta e foi para a súa casa.

Xusto cando estaba chegando, nun pequeno bosque, caeulle un trono enriba e quedou ferida. Polo día pasou por alí o home que levaba o peixe ás casas da vila, viuna tirada no chan e foi xunto ela a ver que lle pasara. Pero non reaccionaba.

Entón chamou os seus pais e foron xunto ela. Cando os pais chegaron, chamaron unha ambulancia.

A ambulancia chegou deseguido e dixo que tiña un problema un pouco grave, pero non sabía dicir cal era. Pero tiña que ir ao hospital.

Ela recuperouse, e ao bosque onde a ela lle caera o trono chamáronlle O Bosque dos Tronos. E viviron felices ata o final dos seus días.